

ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA CONVOCANTE

Nome: SONIA	1.º apelido: GÓMEZ	2.º apelido: NAYA	NIF: 34898059K
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: PRESIDENTA		

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	https://teams.microsoft.com		
Data:	14/05/2024	Hora:	22:00 h

PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela	X	
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Raza Palleira	X	
Adrián Pérez Alonso	Responsable Raids	Raza Palleira	X	
	Responsable Trail-O			
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros	X	
Candela Puime López	Responsable Deporte Escol.	VigOrienta	X	

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (15-04-2024)

Apróbase por unanimidade a acta da xunta directiva anterior celebrada o día 15/04/2024.

2. CESA

Toma a palabra a presidenta da Fegado para sinalar diferentes aspectos relacionados co Campionato Español de Seleccións Autonómicas que se celebrará entre os días 28 e 30 de xuño de 2024: envío de documentación ás familias, contratación do autobús no que viaxará a selección galega, reserva do aloxamento e comidas, etc.

Intervén Jorge Piñeiro, como director técnico, para indicar que nos vindeiros días se fará pública unha listaxe na que figuren as persoas titulares e suplentes que conformarán dita selección.

3. Asamblea de xuño

Intervén a presidenta para indicar que tanto ela como o secretario da Federación non poderán asistir á Asamblea Xeral que se celebrará no mes de xuño en Vigo, xa que ambos forman parte dos tribunais que xulgarán o proceso selectivo de corpos de persoal docente non universitario. Indica que as persoas de substituílos serán a vicepresidenta, Claudia Oreiro, e Adrián Pérez, que actuará como secretario.

Engade que os principais puntos a tratar nesa asamblea serán: a presentación da memoria económica, memoria de actividades do ano 2023, os circuítos permanentes de orientación e o calendario do vindeiro ano.

4. Tecnificacións e liga transfronteiriza de MTBO

Intervén a presidenta para indicar que se iniciaron as conversas coa Federación de Orientación portuguesa para organizar de cara ao vindeiro ano unha nova liga transfronteiriza de MTBO. En canto ás tecnificacións engade, que se debe comezar a traballar para o desenvolvemento de tecnificacións fóra da comunidade galega, evitando repetir continuamente os mesmos lugares, como por exemplo Urbasa.

5. CPOS

A presidenta indica que vai a convidar a Xan Trigo para que asista á Asamblea Xeral de xuño para que poida presentar o seu libro sobre circuitos de orientación permanente (CPOS) así como dar a coñecer os novos circuitos permanentes que se abrirán próximamente.

6. Rogos e preguntas

Toma a palabra Alicia Pérez para indicar que se debe publicar na páxina web e nas redes sociais o procedemento a seguir para que a xente que o desexe e que non forme parte da selección autonómica poida conseguir a uniformidade de MTBO. Continúa presentando un documento relacionado con este procedemento.

Intervén a presidenta para indicar que se proceda á publicación do mesmo.

E sen máis asuntos que tratar, a presidenta da FEGADO dá por finalizada esta Xunta Directiva sendo as 23:30 h do día antes indicado.

SINATURAS

Roberto Amarelle Garabán
Secretario da FEGADO



Vº Bº Sonia Gómez Naya
Presidenta da FEGADO

Lugar e data:

VIGO	,	15	de	MAIO	de	2024
------	---	----	----	------	----	------